

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 27 DE XUÑO 2023**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as trece horas e e vintetrés minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).  
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).  
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).  
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)  
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).  
Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).  
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)  
Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

#### Non asiste:

#### Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

## **ORDE DO DÍA:**

### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DO 17.06.2023.**

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia pregúntaselles aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión constitutiva celebrada o 17 de xuño de 2023.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (9: ): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).,Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).,Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE),José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE). ,Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE). ,Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).,

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da sesión constitutiva do 17 de xuño de 2023.

### **2. DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.**

O señor alcalde da conta asunto epigrafado: "DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E DESIGNACIÓN DE VOCEIROS.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 24 e 25 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 74 e seguintes, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

administración local de Galicia, dase conta dos escritos presentados polos concelleiros da Corporación relativo á constitución dos grupos políticos, os seus integrantes e voceiros, do modo que segue:

a) Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia (PSde G-PSOE) integrado por:

Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo, Juan Vicente Aller Penas, Alfonso Ríos Santos, Miguel Combo Aller, Jose Antonio Viega Sánchez, Jose Luis Rodríguez Ares e Ángel Manuel Vázquez Bugallo.

Grupo municipal	Voceiro Titular	Voceiro Suplente
Grupo municipal do Partido Socialista de Galicia	Luis Lisardo Santos Ares	Magín Freire Fidalgo

b) Grupo Municipal Mixto integrado polo concelleiro do Partido Popular (PP) Samuel Márquez Santos.

Grupo municipal	Voceiro Titular	Voceiro Suplente
Grupo municipal Mixto	Samuel Márquez Santos	-----

O pleno quedou enterado.

### **3. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE.**

Dase conta da resolución de alcaldía nº238 /2023 de 20 .06.2023 , que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE:2023/G003/000269

ASUNTO: NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Corporación de Sobrado constituíuse en sesión extraordinaria de data 17.06.2023. O artigo 20.1 a) da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local, dispón a necesaria designación dos Tenentes de Alcalde.

De acordo co previsto no artigo 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, os tenentes de alcalde non poderán exceder do número de membros da comisión de goberno (xunta de goberno local) onde exista, e naqueles concellos onde non exista non poderá exceder do terzo do número legal de membros da Corporación.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, así como o art. 62 da lei 5 /1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e o art. 41 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co expediente de designación de Tenentes de Alcalde. De conformidade co disposto nos arts. 21.2 da lei 7/85, do 2 de abril, art. 22 do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril e art. 46 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como titulares das Tenencias de Alcaldía aos seguintes Concelleiros:

- Primeiro Tenente de Alcalde: Magín Freire Fidalgo
- Segundo Tenente de Alcalde: Juan Vicente Aller Penas
- Terceiro Tenente de Alcalde: Alfonso Ríos Santos

SEGUNDO.- Consonte o art. 23.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e 47.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, corresponderá aos nomeados substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións, pola orde do seu nomeamento, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade legalmente previstos, previa expresa delegación.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas.

CUARTO.- Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

SEXTO.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte á data desta resolución".

O Pleno quedou enterado.

#### **4. DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO NA ALCALDÍA.**

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO NA ALCALDÍA.

Según o previsto no artigo 22.4º da Lei 7/85, do 2 de abril reguladora das bases do réxime, o pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no alcalde e na xunta de goberno local, agás as nomeadas no parágrafo 2, letras a), b), c), d),e), f), g), h), i), l) e p), e no parágrafo 3 deste artigo (votación sobre a moción de censura ó alcalde e sobre a cuestión de confianza plantexada por el). En semellantes termos exprésase o artigo 64.5 da Lei 5/1997,do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Logo de examinar as normas antes citadas, a DA Segunda da lei de contratos do sector público e o artigo 51 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, nos seus parágrafos 1º, 2º e 3º, propoño ó pleno do concello o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Delegar na Alcaldía a totalidade das atribucións delegables do Pleno, é dicir, agás as enumeradas no artigo 22.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa vixente redacción e todas as demais competencias que de xeito expreso lle atribúan as leis, que non sexan declaradas indelegables, e os acordos que no exercicio destas deban ditarse sempre que non esixan os quorums que se establecen nos parágrafo 2º do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e nomeadamente:

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- b) A declaración de lesividade dos actos do Concello, tanto en materias de competencia plenaria como do alcalde.
- c) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Presupuesto -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e aínda que non estean previstos nos presupostos
- e) A disposición de gastos en materia da súa competencia (art. 166.3 do TRLRFL).
- f) As competencias que como órgano de contratación lle correspondan consonte o previsto nos apartados 2 e 3 da Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
- g) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do Presuposto ou as contías establecidas pola lexislación sectorial de aplicación, así como os alleamentos patrimoniais cando o seu valor supere as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.
- h) A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ó servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades da entidade local, a que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
- i) A formulación de peticións de subvención cando a lexislación específica requira acordo plenario.

SEGUNDO.- A delegación de atribucións refírense, en todas as materias delegadas, tanto a competencia para ditar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola alcaldía poñerán fin á vía administrativa.

TERCEIRO.- O exercicio das atribucións delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO.- Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción , sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O Pleno do concello, por unanimidade de concelleiros asistentes en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á proposta de alcaldía .

## **5. DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE PERIODICIDADE DE SESIÓNS DO PLENO.**

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Periodicidade sesións plenarias

---

O día 17 de xuño de 2023 constituíse a Corporación municipal como resultado das eleccións municipais do 28 de maio.

O artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local dispón que o O Pleno celebra sesión ordinaria cada tres meses nos municipios de ata 5.000 habitantes.

Nembargantes, o artigo 210 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia dispón que o pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses.

A Lei 5/1997 sendo máis esixente coa periodicidade Plenaria dos Entes Locais non está a vulnerar pois o mínimo establecido. Xa que celebralas cada dous meses como obriga a Lexislación galega está incluído dentro dos prazos da LBRL que obrigan que como mínimo sexan cada tres meses, pero non impide que se celebren con máis asiduidade.

Así as cousas a norma aplicable en materia de réxime local na Comunidade de Galicia, é dita Lei 5/1997, publicada en virtude da competencia de desenvolvemento da normativa básica (Lei 7/1985) conferida á Comunidade Autónoma de Galicia.

Por iso habemos de determinar que as sesións deberán celebrarse como mínimo cada dous meses (como indica a lexislación galega) xa que está norma non vulnera o establecido na Lexislación estatal e celebrando sesións cada dous meses estaríase a actuar correctamente e de conformidade a dereito.

En virtude do que antecede, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Establecer o seguinte réxime de sesións ordinarias do Pleno:

Periodicidade: cada dous meses.

Día: derradeiro mércores dos meses de Xaneiro, Marzo, Maio , Xullo, Setembro e Novembro.

Hora: trece horas e quince minutos (13:15 h) .

Lugar: Salón de sesións da Casa Consistorial, salvo forza maior.

SEGUNDO.- Se o día en que correspondera celebrar sesión ordinaria fora festivo ou véspera de festivo, poderase adiantar ou retrasar a data de celebración, sen que exceda de sete días naturais, circunstancia que se acordará mediante Decreto da Alcaldía que será debidamente notificado aos membros corporativos.

O primeiro pleno ordinario terá lugar o último mércores hábil do mes de setembro do ano en curso.

TERCEIRO.- En casos excepcionais e concretos debidamente xustificados, e previa consulta aos voceiros dos diferentes grupos políticos, facúltase ao Sr. Alcalde para modificar o día e a hora de celebración das sesións ordinarias, o que se acordará no mesmo Decreto de convocatoria.

Sendo esta a proposición que se somete ao Pleno, non obstante, este adoptará o acordo que estime conveniente.”

O Pleno do concello, por unanimidade de concelleiros asistentes en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á proposta de alcaldía .

## **6. DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE ADICACIÓN E RETRIBUCIÓNS DOS CONCELLEIROS DO CONCELLO E DAS INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS AS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.**



Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Réxime de retribucións e asistencias e indemnizacións dos membros da Corporación.

O 17 de xuño de 2023 celebrouse o pleno de constitución da Corporación municipal. É preciso determinar o réxime retributivo dos cargos con adicación exclusiva e mais os importes das asistencias e indemnizacións por razón do servizo dos concelleiros.

O artigo 75.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, dispón que os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

No tocante as adicacións exclusivas o artigo 75 bis da dita Lei de Bases. *“1. Los miembros de las Corporaciones Locales serán retribuidos por el ejercicio de su cargo en los términos establecidos en el artículo anterior. Los Presupuestos Generales del Estado determinarán, anualmente, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que en su caso tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, atendiendo entre otros criterios a la naturaleza de la Corporación local y a su población “.*

A Disposición adicional vixésimo séptima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o 2023 establecen o límite máximo das retribucións que poden percibir os membros das corporacións locais con poboación entre 1.000 e 5.000 habitantes en 46.464,02 €

Asimesmo, o artigo 75 ter da dita Lei de Bases dispón que para os concellos que teñen poboación de entre 1.001 e 2.000 habitantes só un membro da corporación poderá prestar os seus servizos en réxime de adicación exclusiva.

No tocante as indemnizacións por razón do servizo sométense ao previsto nos artigos 28 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e polo Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e á Orde EHA/3770/2005, do 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

En virtude do que antecede, PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

PRIMEIRO. Adicación exclusiva.

Determinar o réxime de adicación exclusiva para a alcaldía na cuantía de 42.923,86 € en cómputo anual a distribuír en catorce pagas iguais.

Esta cuantía actualizarase segundo o que para o persoal funcionario ou os membros das corporacións locais establezan as normas aplicables con posterioridade a que este acordo se adopte.

Darase de alta ao alcalde no Réxime xeral da Seguridade Social, e a Corporación asumirá o pagamento da cuota empresarial que corresponda.

SEGUNDO.- Indemnizacións

a) Pola asistencia as sesións dos órganos colexiados percibiránse as seguintes indemnizacións (asistencias):

- Pleno: 100 €
- Comisión Especial de Contas: 100 €
- 

De celebrarse no mesmo día a sesión dos órganos colexiados só se terá dereito a percibir o importe correspondente a asistencia a unha delas.

b) En concepto de indemnizacións por razón do servizo, apróbanse as seguintes dietas:

- Dieta enteira. 155,90 €
- Dieta por aloxamento: 102,56 €
- Dieta por manutención: 53,34 €
- Dieta polo desprazamento con vehículo propio: 0,19 €/Km.

TERCEIRO.- Este acordo quedará condicionado a existencia de crédito e deberá ter traslado no proxecto de orzamentos municipais.

CUARTO.- Publicar este acordo mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello “

Intervén o sr. alcalde e sinala que o salario é o mesmo que o establecido na pasada lexislatura pero coas actualizacións anuais da Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (8): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).,Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).,Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE),José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE). ,Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE). e Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

## **7. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.**

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Considerando que consonte ao disposto nos artigos 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ao mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e 68.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos municipios de menos de 5.000 habitantes existirán, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así

o acorde o Pleno da Corporación, órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno.

Considerando que consonte ó estipulado nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 59.2.c) e 66.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986, a Comisión Especial de Contas existirá en tódolos Concellos.

Xa que logo, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

#### A C O R D O

PRIMEIRO.-Non constituir neste Concello os órganos ós que se refire o artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e preceptos concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986.

SEGUNDO.-Constituí-la Comisión Especial de Contas, a quen lle corresponderá o exame, o estudio e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e que para acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición:

-3 representantes do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia (P.S. de G)

-1 representante do Grupo Mixto.

A presidencia será ostentada polo Sr. Alcalde D. Luis Lisardo Santos Ares.

TERCEIRO.-As sesións ordinarias da Comisión Especial de Contas celebraranse con anterioridade ao pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía.

CUARTO.-A adscripción concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ó Alcalde, e do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular.

O Pleno do concello, por unanimidade de concelleiros asistentes en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á proposta de alcaldía .

## **8. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO.**

De conformidade co disposto no artigo 38.c) do R.O.F. esta Alcaldía Presidencia, en relación co nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados competencia do Pleno, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO.- Designar como representantes da Corporación nos órganos colexiados que a continuacións se transcriben ós concelleiros seguintes:

-Consello Escolar CEIP Sobrado

- Titular: Luis Lisardo Santos Ares

GDR Ulla Tambre Mandeo

- Titular: Luis Lisardo Santos Ares

Grupo Reserva Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

- Titular: Luis Lisardo Santos Ares

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (8): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE). , Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE). e Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

### **9.APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 4/2023.**

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2023/X999/000090

ASUNTO : RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 4/2023

PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a existencia dunhas obrigas económicas pendentes de recoñecemento e imputación orzamentaria adquiridas no exercicio 2023, cuxo importe ascende a **35.737,35€**:

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº FACTURA</b>	<b>DATA EXPEDIC.</b>	<b>DATA REXISTRO</b>	<b>APLICACIÓ N ORZAMENT</b>	<b>IMPORTE</b>
CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO S.L.	TRABAJOS EXTRAS REALIZADOS EN CASA CONSISTORIAL. PINTADO DE LIMAS Y CHIMENEAS CON PINTURA DE CAUCHO, REPASO DE ENCUESTRO	B2023 7	13/02/2023	13/02/2023	920.21200	9.196,00
CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO S.L.	REPARACIÓN CAMIÑO EN LA ACEA; Retirada de tierra para rebaje de camino, limpieza de cunetas, rebacheo con zahorra y repa	B2023 9	13/02/2023	13/02/2023	454.21000	15.215,75
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	Bacheos en San Victorio	EO23 02012	28/02/2023	28/02/2023	454.21000	11.325,60

Visto que quedou acreditado que as obligación económicas pendentes se considera indebidamente adquiridas por concorrer algún dos supostos que recolle o Tribunal de Contas na súa clasificación de obligación indebidamente adquiridas.

Considerando que polo pleno en sesión celebrada o 28.03.2023 se deu conta do informe de reparo suspensivo de intervención de 20.03.2023 e se adoptou o acordo de seguir a tramitación para o recoñecemento das obrigas.

Considerando que contan con crédito no orzamento vixente (2023) por importe de **(35.737,35€)** tras o expediente de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito (MC3/2023, aprobado polo Pleno en Sesión do 28/03/2023 e aprobado definitivamente.

Vistos os informe de de secretaría -intervención de data 20.06.2023.  
Á vista dos seguintes antecedentes,

Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos seguintes, correspondentes ao exercicio 2023 e aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2023 os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas pola cantidade de 35.737,35 € por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería ocasionar para os administrados e para os terceiros que actúan de boa fe e por tratarse de obras efectivamente prestados e que foron conformados pola alcaldía:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO S.L.	TRABAJOS EXTRAS REALIZADOS EN CASA CONSISTORIAL. PINTADO DE LIMAS Y CHIMENEAS CON PINTURA DE CAUCHO, REPASO DE ENCUESTRO	B2023 7	13/02/2023	13/02/2023	920.21200	9.196,00
CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO S.L.	REPARACIÓN CAMIÑO EN LA ACEA; Retirada de tierra para rebaje de camino, limpieza de	B2023 9	13/02/2023	13/02/2023	454.21000	15.215,75



	cunetas, rebacheo con zahorra y repa					
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	Bacheos en San Victorio	EO23 02012	28/02/2023	28/02/2023	454.21000	11.325,60

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (8): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).,Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).,Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE),José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE). ,Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE). e Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

## **10.RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS INFORMES REPARO SUSPENSIVO INTERVENCIÓN :**

### **10.1 INFORME DE INTERVENCIÓN DE DATA 21 DE ABRIL DE 2023(EXPEDIENTE 2023/X999/0000060)**

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

"PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2023/X999/000060

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con data 21.04.2023, formulouse reparo suspensivo pola Intervención deste Concello sobre as seguintes facturas polo importe de 25.393,67 €:

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº FACTURA</b>	<b>DATA EXPEDIC.</b>	<b>DATA REXISTRO</b>	<b>APLICACIÓ N ORZAMENT</b>	<b>IMPORTE</b>
RAMÓN CERNADAS RAMOS	PROYECTO DE INSTALACION DE 300 KW / DIRECCION DE OBRA DE INSTALACION DE 300KW / DIRECCION DE OBRA DE 60KW DE ACOMETIDA D	23 007	12/01/2023	08/03/2023	338.22699	9.678,79
FRANCISCO GOMEZ Y CÍA S.L.	M.B.C. tipo D-12 e= 5 cm, extendida y compactada i/ riego (m2) ( Asfaltado en Sobrado dos Monxes ) / M.B.C. tipo D-12 e=	15079	20/03/2023	20/03/2023	454.21000	10.735,73
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	Rebacheo con aglomerado en Sante de Arriba ( Rebacheo con aglomerado en Sante de	EO23 03029	31/03/2023	31/03/2023	454.21000	2.541,00

	Arriba )					
SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLL	Suministro de 10 contenedores verdes modelo 800	23 222	03/04/2023	04/04/2023	1621.62900	2.438,15

A intervención emite nota de reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas das facturas polos seguintes motivos:

**“CONCLUSIÓN**

*Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.*

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga das seguintes facturas:

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº FACTURA</b>	<b>DATA EXPEDIC.</b>	<b>DATA REXISTRO</b>	<b>APLICACIÓ N ORZAMENT</b>	<b>IMPORTE</b>
RAMÓN CERNADAS RAMOS	PROYECTO DE INSTALACION DE 300 KW / DIRECCION DE OBRA DE INSTALACION DE 300KW / DIRECCION DE OBRA DE 60KW DE ACOMETIDA D	23 007	12/01/2023	08/03/2023	338.22699	9.678,79
FRANCISCO GOMEZ Y CÍA S.L.	M.B.C. tipo D-12 e= 5 cm, extendida y compactada i/ riego (m2) ( Asfaltado en	15079	20/03/2023	20/03/2023	454.21000	10.735,73

	Sobrado dos Monxes ) / M.B.C. tipo D-12 e=					
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	Rebacheo con aglomerado en Sante de Arriba ( Rebacheo con aglomerado en Sante de Arriba )	EO23 03029	31/03/2023	31/03/2023	454.21000	2.541,00
SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLL	Suministro de 10 contenedores verdes modelo 800	23 222	03/04/2023	04/04/2023	1621.62900	2.438,15

*polos seguintes motivos:*

*-omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP( informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato, memoria-orzamento das obras e informe técnico segundo o disposto nas bases de execución.) e non se acredita a realización da prestación mediante informe técnico.*

*-Insuficiencia de crédito presupostario no orzamento de 2023 na partidas orzamentarias*

*Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.*

*Malia o disposto no número anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:*

*a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito*

*SE DEBERÍA TRAMITAR EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DADA A EXISTENCIA DE GASTOS INDEBIDAMENTE COMPROMETIDOS, ADQUIRIDOS SEN CRÉDITO NO EXERCICIO CORRETNE E MODIFICAR O ORZAMENTO PARA SUPLEMENTAR AS PARTIDAS CORRESPONDENTES .*

*Éste é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo de que o órgano competente para resolver acorde o que estime oportuno”*

:

Segundo o artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Baséense en insuficiencia ou inadecuación de crédito.  
b) Refíranse a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia. Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

- a) Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

No prazo de quince días desde a recepción do reparo, as discrepancias formularanse ao presidente ou ao Pleno da corporación local, segundo corresponda e, de ser o caso, a través dos presidentes ou máximos responsables dos organismos autónomos locais, e organismos públicos en que se realice a función interventora, para a súa inclusión obrigatoria, e nun punto independente, na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Unha vez resolta a discrepancia, poderase continuar coa tramitación do expediente, e deixarase constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, de ser o caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.

A resolución da discrepancia por parte do presidente ou do Pleno será indelegable, deberase ditar no prazo de quince días e terá natureza executiva.

O presidente da entidade local e o Pleno, a través do citado presidente, previamente á resolución das discrepancias, poderán elevar resolución das discrepancias ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira”

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o recoñecemento da obriga por tratarse de obras , servizos e suministros necesarios, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pago das mesmas entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concerner ao órgano que ten que resolver as discrepancias, esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento e se proceda a efectuar a oportuna modificación orzamentaria para dotar de crédito ás partidas correspondentes do presuposto do 2023 e imputar o gasto unha vez se produza o recoñecemento extraxudicial de crédito polo Pleno.”

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (8): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE)., Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE)., Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE). , Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE). e Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

## **10.2 INFORME DE INTERVENCIÓN DE DATA 11 DE MAIO DE 2023(EXPEDIENTE 2023/X999/00000709**

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2023/X999/000070

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN**

Visto que con data 11.05.2023, formulouse reparo suspensivo pola Intervención deste Concello sobre as seguintes facturas polo importe de 37.002,56 €:

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº FACTURA</b>	<b>DATA EXPEDIC.</b>	<b>DATA REXISTRO</b>	<b>APLICACIÓN ORZAMENT</b>	<b>IMPORTE</b>
CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO S.L.	TRABAJOS DE ACONDICIONAMIENTO Y HORMIGONADO DE EXPLANADA EN REDIJODE (SOBRADO) Rebaje de camino y explanada pública con	B2023 24	20/04/2023	20/04/2023	454.21000	12.087,88
CANTERAS DE RICHINOL S.L.	TM. ZAHORRA MONTERA 0/32 / TM. PORTES BAÑERA / TM. ZAHORRA MONTERA 0/32 / TM. PORTES BAÑERA / TM. ZAHORRA MONTERA 0	000000259	26/04/2023	26/04/2023	454.22199	2.425,92
CONSYRGA S.L.	Suministro y transporte de zahorra ( Suministro y transporte de zahorra )	EC23 04002	28/04/2023	28/04/2023	454.22199	4.141,10
CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ	EXCAVACIÓN E VACIADO DE MATERIAL	FE23 20	28/04/2023	02/05/2023	454.21000	17.087,74

S.L.	NAS MARXES DO RÍO / FORMIGÓN DE LIMPEZA / FORMIGÓN EN BASE INCLUIDO ACEIRO 50KG/M3 / MA					
LUFISA SERVICIOS S.L.	SUMINISTRO SEÑALIZACION VIAL SEGUN ALBARAN N..014/2023 (ADJUNTO)	2023 24	02/05/2023	02/05/2023	454.22199	1.259,92

A intervención emite nota de reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas das facturas polos seguintes motivos:

*“CONCLUSIÓN*

*Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.*

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga das seguintes facturas:

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº FACTURA</b>	<b>DATA EXPEDIC.</b>	<b>DATA REXISTRO</b>	<b>APLICACIÓ N ORZAMENT</b>	<b>IMPORTE</b>
